

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA
CURSO: 2º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA 2
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No 1º Trimestre e 2º trimestre, valorarase se o/a alumno/a

1. B1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais (CCL,CCA)
2. B1.6.1. Produce textos orais, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. (CCL,CSC)
3. B2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. (CCL,CAA)
4. B2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. (CCL,CAA)
5. B2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. (CCL,CD)
6. B2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. (CCL)
7. B2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. (CCL,CD)
8. B3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. (CCL,CCC)
9. B3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. (CCL)
10. B3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. (CCL)
11. B3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. (CCL,CCA)
12. B4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. (CCL,CSC)
13. B5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade (CCL)
14. B5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. (CCL)
15. B5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. (CCL)
16. B5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. (CCL,CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>No terceiro trimestre avaliaremos a través da corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado. Terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">○ O interese en consultar o material de apoio para realizar ditas tarefas.○ A observación das pautas indicadas pola profesora.○ A coherencia, cohesión e gramaticalidade dos textos producidos.○ O emprego do dicionario para consultar dúbidas léxicas, morfolóxicas e ortográficas.○ A revisión e autocorrección.
-------------------	---

	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e resumo oral ou escrito de textos (incluído o libro obrigatorio). • Actividades de lectura e comprensión. • Exercicios de ortografía. • Actividades de repaso de morfoloxía. • Exercicios de expresión escrita creativa: diario, narración...
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final de curso partiremos da media da primeira e segunda avaliación á que se lle poderán sumar ata dous puntos polas actividades realizadas neste terceiro trimestre, que se estimará como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2 puntos: entrega todas as tarefas e están ben feitas. • 1,5 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega o 75% das tarefas e están feitas con interese. ○ Ou entrega todas as tarefas e están feitas entre regular e ben. • 1 punto: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega o 50% das tarefas e están ben feitas. ○ Entrega todas as tarefas e están regular. ○ Entrega o 75% das actividades e están entre regular e ben. • 0,5 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega menos do 50% das actividades e están entre regular e ben. ○ Entrega todas as tarefas e están entre regular e mal. • 0 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega menos do 25% das tarefas e están entre regular e mal ou non entrega nada.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (Ata o tema 6). Será unha proba similar ás realizadas no primeiro e segundo trimestre. De non poder realizarse de forma presencial realizarase online, ben a través dun traballo, ben por medio dun exame (proporcionando os medios necesarios), que poderá ser oral ou escrito.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado coa materia de 1º ESO pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Son todas actividades de repaso e recuperación, decidimos non avanzar materia.</p> <p>Realizáronse actividades sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso de ortografía. A acentuación. • Exercicios sobre textos de lectura: comprensión, vocabulario, resumo, investigación e selección de información. • Repaso de gramática. As clases de palabras. • Exercicios de expresión escrita: o diario. • Lectura e reflexión sobre unha obra literaria.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado de 2º ESO está matriculado na Aula Virtual de Abalar, e dispón de algún medio para conectarse ou imprimir o material que se sobe a dita Aula Virtual ou á páxina Web do Centro.</p> <p>Por iso a metodoloxía céntrase nos medios online manexados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos na Aula Virtual e/ou na páxina do Centro. • Entrega de actividades mediante a aplicación MOODLE e na páxina Web do Centro. • Devolución das actividades corrixidas e cualificadas a través da Aula Virtual ou o correo electrónico. • Resolución de calquera dúbida a través do Foro de dúbidas da Aula Virtual ou do correo electrónico.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • O libro de texto. • Apuntamentos propios en PDF dispoñibles en MOODLE e na Aula Virtual. • Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A páxina Web do Centro, a Aula Virtual e o correo electrónico en caso de que fose necesario.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.